

Don/Dona _____, con DNI _____, con establecemento en Ponteareas, e domicilio en _____

EXPÓN.-

No BOP de Pontevedra nº 219, de 11 de novembro de 2024, publícase anuncio co título “*MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA NUMERO 23, DE LIXO.*”

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL en diante), sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días -hábeis- a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que as persoas interesadas poidan presentar as reclamacións que estimen oportunas, finalizando dito prazo o día **24 de decembro de 2024**, -incluído-.

Polo tanto, en base ao anterior, e considerando que como persoa cun establecemento asentado no Concello de Ponteareas, ostento a condición de interesado/a, mediante escrito presento as seguintes

ALEGACIÓNS / RECLAMACIÓNS.-

Primeira.- Expediente obxecto das presentes alegacións.

O expediente obxecto da presente alegación é o 9083/2024. APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 23 REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO.

Segunda.- Sobre a motivación da modificación da ordenanza fiscal.

A Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular (LR en diante), recolle a obriga de que os concellos adapten a súa ordenanza fiscal de recollida de lixo a esta lei.

O artigo 11 da LR, facendo referencia aos *custos da xestión dos residuos*, establece de acordo co principio «quen contamina paga», que os custos relativos á xestión dos residuos terán que ser sufragados polo produtor de residuos. Con todo, este principio non só se aplica aos produtores, senón tamén aos consumidores, quen son responsables da cantidade e tipo de residuos que xeran na súa vida cotiá.

A LR promove a modificación das tarifas municipais de lixo, para a súa adaptación a este principio. A finalidade da norma leva a que os concellos deban aplicar tarifas diferenciadas en función da cantidade de residuos xerados polos usuarios. Isto significa que quen xere máis residuos debe pagar máis pola súa xestión, mentres que **quen adopte prácticas responsables, como a redución de residuos, a reciclaxe e a reutilización, debe beneficiarse dunha tarifa máis baixa**. Esta modificación busca asegurar que o custo da xestión de residuos sexa xusto e equitativo e pretende incentivar á cidadanía para reducir a súa pegada de residuos e fomentar a reciclaxe.

Porén, o concello de Ponteareas optou por aplicar unha suba lineal ás tarifas actuais, de tal xeito que paga o mesmo, por exemplo, unha vivenda cun só residente que unha na que viven 5 persoas. E isto, tendo en conta o anterior, non é o que promove e busca a norma. Xa só por isto, a modificación proposta carece de encaixe na propia norma que motiva a adaptación das ordenanzas fiscais.

Terceira.- A diferenciación de tarifas de residuos en función dos habitantes ou superficie da vivenda, local ou actividade: Un enfoque xusto e equitativo.

O Concello de Ponteareas, lonxe de aplicar o principio de «quen contamina paga», limitouse a ir aplicando coeficientes lineais ata cubrir todo o custe do servizo. Pode ser a saída máis doada e rápida, pero non a desexada pola norma que motiva este cambio, que procura garantir que as tarifas sexan **proporcionais ao impacto real que cada vivenda ou negocio** ten sobre o sistema de xestión de residuos.

En conclusión, un sistema equitativo aseguraría que as tarifas reflectan o impacto real dos usuarios sobre o sistema de xestión de residuos. Ademais, ofrecería incentivos para a redución de residuos, a promoción da sustentabilidade e a xustiza social. A implantación deste modelo tarifario alíñase cos principios da economía circular e podería ser un paso importante cara á mellora da xestión de residuos na nosa vila.

Cuarta.- Sobre as bonificacións aplicables.

En canto ás bonificacións relacionadas coa nova taxa de lixo, a lei non impón unha normativa específica para a súa aplicación, senón que **deixa aos concellos a facultade de decidir como implementar estes beneficios dentro da súa normativa local**.

Así, considero que ante esta suba desorbitada, excesiva, lineal e pouco xustificada, o Concello debe ofrecer **bonificacións á veciñanza ou actividades comerciais que demostren unha redución significativa na cantidade de residuos xerados ou que participen activamente nos sistemas de recollida selectiva para a reciclaxe**, como é o meu caso, considerando que esta é unha das finalidades da norma.

Tamén o Concello debería implementar beneficios fiscais para aquelas empresas ou particulares que participen activamente en prácticas de economía circular, como a reutilización de materiais ou a compostaxe doméstica.

Con todo, e de acordo co establecido nos artigos 17, apartado 1, e o 18 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,

SOLICITO.-

Que se teñan en conta as alegacións e reclamacións presentadas contra a **MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA NUMERO 23, DE LIXO**, aprobada inicialmente no Pleno Extraordinario e Urxente do día 8 de novembro de 2024, e se proceda a realizar un **estudo rigoroso** que leve a aprobar unhas tarifas que teñan en conta a diferenciación xusta e eficiente para adaptar os custos do servizo ás necesidades e realidades de cada contribuínte, tendo sempre presente o principio de que «quen contamina paga». Así asegúrase que as tarifas reflecten o impacto real dos usuarios sobre o sistema de xestión de residuos, ofrecendo tamén incentivos para a redución de residuos, a promoción da sustentabilidade e a xustiza social.

Ponteareas, decembro de 2024.

Asinado: _____

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE PONTEAERAS